

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO:

Que dos datos e documentos obrantes nesta Secretaría ao meu cargo, resulta acreditado que con data 27 de novembro de 2024, a Alcaldía deste Concello ditou o decreto num. 3826/2024, que literalmente di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO “XIX CONCURSO DE ESCAPARATES CONCELLO DE AMES NADAL 2024”

EXPEDIENTE: 20945/2024

ANTECEDENTES

O sector comercial é una área básica na planificación económica e social das accións levadas a cabo dende o Concello de Ames, tanto por constituír un motor fundamental no desenvolvemento económico e, polo tanto, na creación de emprego e riqueza. Por isto, o departamento de promoción económica conta entre os seus obxectivos o fomento, incentivo, divulgación e fortalecemento do tecido comercial local co ánimo de converter Ames nun referente como lugar de compras na Comarca de Compostela, apostando por un comercio de calidade, innovador, creativo e en sintonía coas demandas y tendencias da sociedade actual.

Dende fai dezaoito anos o Concello de Ames ven desenvolvendo un concurso de escaparates nas datas de Nadal. Esta acción pretende apoiar ós establecementos comerciais de Ames para que adornen o seus establecementos cun tema en común, co obxectivo de crear un foco de atracción da clientela e aumentar o consumo no comercio local nas vendas desta época tan importante para o sector.

Polo servizo propónse a aprobación dunhas bases reguladoras da convocatoria dos premios de escaparates Concello de Ames Nadal 2024

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Lei 38/2003, de 28 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSGA)

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)

Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.

Bases de execución do orzamento municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O obxectivo principal deste concurso é apoiar ós establecementos comerciais de Ames para que adornen o seus establecementos cun tema en común, co obxectivo de crear

un foco de atracción da clientela e aumentar o consumo no comercio local nas vendas desta época tan importante para o sector.

Segundo.- En base ao establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, polo servizo de promoción económica elaboráronse as bases do **XIX CONCURSO DE ESCAPARATES CONCELLO DE AMES NADAL 2024**".

Terceiro.- No Plan estratéxico de subvención para o período 2023-2025 recóllese a seguinte liña de axudas:

LÍNEA DE SUBVENCIÓN	OBJECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PAZO CONSECUCIÓN OBJECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025		FUNCIONAL	FINANCIACION	PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN
Premios concurso de escaparatismo	Promover a participación dos comerciantes de Ames, en distintos programas e eventos relacionados	Achegar ao comercio amense o maior número posible de clientes, a difundido actividade comercial.	Comerciantes e profesionais, do Concello de Ames	2023-2025	4.000,00	4.000,00	4314	47902	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva

Cuarto.- Tendo en conta que as axudas non se concederán ata o mes de xaneiro de 2025 a autorización e disposición do gasto queda supeditada a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025.

Quinto.- De acordo co artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o establecido no artigo 49 e seguintes das bases de execución do orzamento a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, como mínimo, os seguintes extremos:

Definición do obxecto da subvención: Esta cuestión é abordada pola base nº 1

O diario oficial de publicación da convocatoria e a forma e prazo de presentación das solicitudes: a base nº 13 indícase que o prazo para a presentación da solicitude comezará a computar a partires da data de publicación do extracto no BOP. O extracto da convocatoria aprobada publicarase na BDNS conforme o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de acordo co establecido no artigo cuarto da Resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, sobre a información a subministrará á BDNS. Será a BDNS a que lle comunicará ao diario oficial a posta á súa disposición do extracto da convocatoria para que sexa recollido a través de servizo web. En todo caso, a eficacia da convocatoria queda supeditada á publicación do seu extracto no diario oficial. E será o concello o que publique o texto íntegro das bases das subvencións na páxina web do concello. Unha vez publicada no BOP iniciárase o prazo de presentación de solicitudes dos interesados, as solicitudes deberán acompañarse da documentación que se esixe na convocatoria.

Os requisitos que deberán reunir os beneficiarios: Esta cuestión é abordada pola base nº 2 das bases reguladoras da convocatoria.

A compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado. No caso de admitirse a compatibilidade, os límites ou criterios para evitar o sobre financiamento: Esta cuestión é abordada pola base nº 5 das bases reguladoras da convocatoria.

Os documentos e informacións que deben acompañar á solicitude: Esta cuestión é abordada pola base nº 3 e 4 das bases reguladoras da convocatoria

A expresión de que se trata dunha subvención en réxime de concurrencia competitiva: Esta cuestión é abordada pola base nº 4 das bases reguladoras da convocatoria.

Indicación dos órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e comprobación da subvención: Esta cuestión é abordada pola base nº 8 das bases reguladoras da convocatoria.

Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 LXS: Esta

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C017DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIJO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B



cuestión é abordada pola base nº 6 bases das reguladoras da convocatoria.

Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos: Esta cuestión é abordada pola base nº 7 das bases reguladoras da convocatoria.

Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación: Esta cuestión é abordada pola base nº 8

Prazo de resolución e notificación, indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa, medio de notificación ou publicación e recursos que procedan contra a resolución da concesión con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse e o prazo para interposuílos: Estas cuestións son abordadas pola base nº 8 da convocatoria.

Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución: Non se contempla a posibilidade de modificar a resolución de concesión de subvención

Determinación, no seu caso, dos libros e rexistros contables específicos para garantir a adecuada xustificación da subvención: Ao tratarse de premios non é necesaria a xustificación.

Posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios: Non se recolle esta posibilidade.

Medidas de garantía que, no seu caso, se considere preciso constituír a favor do órgano concedente, medios de constitución e procedemento de cancelación: Non se recolle a posibilidade de pagos anticipados.

Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos, así como a documentación válida os efectos de xustificación: Ao tratarse de premios non é necesaria a xustificación.

Forma e prazo do pagamento da subvención: Esta cuestión é abordada pola base nº 14 das bases reguladoras da convocatoria:

Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión: Esta cuestión é abordada pola base nº 14 das bases reguladoras da convocatoria.

Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións, que resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade: Non se aplica para as convocatorias de premios.

Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións: Esta cuestión é abordada na base nº 16 da convocatoria.

Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos na Lei de protección de datos: Esta cuestión é abordada na base nº 15 da convocatoria.

Visto o informe favorable da secretaría e da intervención municipal, esta Alcaldía Resolve:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada polo **decreto 1983/2023** na Xunta de goberno Local en materia de “aprobación das bases reguladoras de subvencións concedidas polo Concello en réxime de libre concorrência, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente”, para o expediente 20945/2024.

Segundo.- Aprobar a convocatoria de tramitación anticipada dos premios do “XIX Concurso de Escaparates Concello de Ames Nadal 2024”, de acordo coas bases transcriben a continuación:

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE967BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: HASH DO CERTIFICADO:
Secretaría 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
Alcalde 2552C5906968C16B9FC6B4BE967BB9BF010C732

NOME: HASH DO CERTIFICADO:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS 2552C5906968C16B9FC6B4BE967BB9BF010C732

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B



“BASES DO “XIX CONCURSO DE ESCAPARATES DO CONCELLO DE AMES NADAL 2024”

Concellaría	Promoción económica
Anualidade	2024
Denominación	XIX CONCURSO DE ESCAPARATES DO CONCELLO DE AMES NADAL 2024
Beneficiarios	Establecementos empresariais do Concello de Ames
Aplicación orzamentaria	4314.47902 (tramitación anticipada)
Importe da convocatoria	4.000 €
Importe dos premios	Primeiro/a clasificado/a: 1.500 € Segundo/a clasificado/a: 1.100 € Terceiro/a clasificado/a: 800 € Cuarto/a clasificado/a: 600 €

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen por obxecto promover a participación dos establecementos de hostalaría e comercio de Ames, en distintos programas e eventos relacionados coa actividade empresarial, co obxectivo de crear un foco de atracción da clientela e aumentar o consumo en Ames.

Deste xeito achegarase o empresariado amiense o maior número posible de clientes, difundido a actividade empresarial do Concello e premiando o esforzo dos/as empresarios/as na promoción da actividade empresarial.

Esta convocatoria pretende incentivar aos empresarios/as do Concello para que adornen o seus establecementos cun tema en común, de xeito que se ambientará esta celebración e se contribúa a fixar a clientela no noso comercio.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso persoas físicas e xurídicas titulares ou cotitulares dun establecemento situado no Concello de Ames que conste dado de alta na matrícula do IAE deste Concello.

Os/as participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- No caso de persoas físicas é obrigatorio ser maior de idade.
- Non poderán participar nesta convocatoria as persoas físicas, xurídicas ou entidades que cumprindo os requisitos específicos de participación establecidos, estean incursas nalguna das causas de prohibición para percibir subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- As persoas participantes están obrigados a presentar unha declaración de non atoparse incursos en ningunha das prohibicións previstas no citado artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- As persoas participantes deberán estar ao corrente nas obrigas coa Administración Pública (Seguridade Social, Facenda Estatal).
- Non poderán ter débedas en período executivo de pago co Concello de Ames no momento da concesión, salvo que o pago das devanditas débedas estivesen garantidas, de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais
- Deben atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado e que sexan titulares ou cotitulares dun establecemento en Ames, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

A participación neste certame implica a aceptación das normas recollidas nestas bases reguladoras.

TERCEIRA.- INSCRICIÓNS, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles dende o seguinte á data á publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Non se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

As solicitudes poderán presentarse mediante instancia xeral acompañada de Anexo I na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>).

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B



Do mesmo xeito, poderán presentarse de forma presencial de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas, nos rexistros municipais existentes en:

- Casa do Concello en Bertamiráns
- Oficinas Municipais no Milladoiro

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

Todos os concursantes terán que enviar unha foto do escaparate ao mail promocioneconomica@concellodeames.gal, antes do 18 de decembro de 2024. Soamente se admitirán os vídeos enviados no prazo indicado e para os que conste a solicitude de participación rexistrada no Concello dentro do prazo de solicitude.

CUARTA.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Os motivos e decoración dos escaparates terán como tema as Festas de Nadal.

So poderá presentarse ao concurso un único proxecto por establecemento.

Os escaparates deberán estar expostos, como mínimo, entre os días 9 de decembro de 2024 e o 1 de xaneiro de 2025.

QUINTA.- RÉXIME DE CONCESIÓN, IMPORTE DA CONVOCATORIA E IMPORTE DOS PREMIOS

Trátase dunha subvención en réxime de concorrência competitiva.

Esta convocatoria acóllese ao procedemento de tramitación anticipada, de acordo co artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O importe estimado destinado aos premios previstos nesta convocatoria será de 4.000 euros.

A concesión e pagamento queda supeditada a existencia de crédito adecuada e suficiente no exercicio 2025 na aplicación orzamentaria 4314.47902.

Importe dos premios:

Primeiro/a clasificado/a:	1.500 €
Segundo/a clasificado/a:	1.100 €
Terceiro/a clasificado/a:	800 €
Cuarto/a clasificado/a:	600 €

Total: 4.000,00 euros

Ademais o "XIX Concurso de Escaparates do Concello de Ames Nadal 2024" está dotado coa cesión de espazos publicitarios gratuítos en Ames Radio durante un mes consecutivo, a determinar de acordo coas necesidades de programación da radio municipal, para os catro gañadores.

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda de conformidade coa lexislación vixente.

Os premios serán compatibles con outros para a mesma finalidade.

SEXTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO:

O xurado estará composto por 3 membros:

Un/unha representante do voluntariado de Ames.
Un/unha representante do voluntariado de protección civil de Ames
Un representante da Unión de Consumidores de Galicia

Unha traballador/a da Concellaría de Promoción Económica actuará como secretario/a, con voz pero sen voto. Quen exerza de secretario/a levantará a acta correspondente da xuntanza do xurado na que se emita a resolución e se propoñan aos/ás beneficiarias dos premios.

A composición do xurado publicarase con antelación á emisión do ditame e será fixada por decreto da Alcaldía, segundo a proposta da Concellaría Promoción económica.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado valorará os escaparates participantes pola súa capacidade de atracción e xeración do desexo de compra, en base aos criterios de composición e deseño, tendo en conta, ademais, a orixinalidade e a elaboración propia. Do mesmo xeito, valorarase a utilización de elementos propios do obxecto de venda da actividade e materiais de

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE967BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B



refugallo.

Deste xeito os escaparates serán valorados:

- 1 - Desexo ou atracción de compra (5 puntos)
- 2 - Orixinalidade e composición (5 puntos)
- 3 - Emprego dos propios produtos do comercio ou tenda (5 puntos)
- 4 - Fomento de sustentabilidade (emprego dos produtos reciclados , etc ..) (5 puntos)

Os establecementos serán valorados por cada un dos membros do xurado sumada a puntuación de cada un deles farase unha media a puntuación máxima é de 20 puntos.

OITAVA.-PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

A presente convocatoria de premios tramitarase na forma de concorrência competitiva.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o servizo de Promoción económica.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, en virtude do decreto de delegación da Alcaldía núm. 1983/2023, de 26 de xuño.

O procedemento de concesión dos premios resolverase nos 3 meses a contar desde a finalización do termo de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro deste prazo, terá carácter de desestimación.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao de publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames.

NOVENA.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES

Os escaparates deberán estar expostos, como mínimo, entre os días 9 de decembro de 2024 e o 1 de xaneiro de 2025.

O solicitante deberá responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade e medidas específicas sanitarias.

En todo caso, o Concello de Ames queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmorte.

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais, as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais.

Os/as participantes na convocatoria, ao presentaren directamente a súa candidatura ou ao aceptaren a presentación por parte de terceiros/as, autorizan expresamente ao Concello de Ames ao uso da imaxe e dos datos achegados para os efectos de publicidade deste premio.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.

A participación no “XIX Concurso de Escaparates do Concello de Ames Nadal 2024” implica a aceptación destas bases.

A interpretación das bases correspóndelle a concellaría de promoción económica.

DÉCIMA.- FALLO DO XURADO

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer durante o mes de xaneiro de 2025.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso.

En caso de empate, este resolverase entre eles coa proposta que maior puntuación parcial acadase no criterio 4 “Fomento de sustentabilidade” e de persistir este polo que maior puntuación parcial acadase no criterio 3 “Emprego dos propios produtos do comercio ou tenda”.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo polo Departamento de Promoción económica nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DOS PREMIOS.

Os escaparates deberán estar expostos, como mínimo, entre os días 9 de decembro de 2024 e o 1 de xaneiro de 2025. Aqueles escaparates que non se atopen montados no momento da visita dalgunha das persoas que forman

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Digitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B



parte do xurado quedarán excluídos do concurso.

Todos os concursantes terán que enviar unha foto do escaparate ao mail promocioneconomica@concellodeames.gal, antes do 18 de decembro de 2024.

DÉCIMO TERCEIRA.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE.

Un extracto da presente convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, o texto íntegro poderá consultarse na Base Nacional de Subvencións (BDNS) accesible desde <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

A resolución do procedemento publicárase no taboleiro de anuncios do concello de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións .

DÉCIMO CUARTA.- PAGAMENTO E REINTEGRO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria á conta que indicasen as persoas premiadas.

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación da convocatoria dos premios e a verificación dos datos achegados na solicitude.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicárase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DÉCIMO SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE

Toda a documentación achegada polos participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal do concello e polos membros do Xurado que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas

DÉCIMO SÉTIMA.- ÓRGANO DE CONTROL

Os beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO "XIX Concurso de Escaparates do Concello de Ames Nadal 2024"

DATOS DO ESTABLECEMENTO

Nome Comercial
NIF;CIF
Actividade
Domicilio
Localidade
Teléfono.....Móbil.....E-mail.....

DATOS DA PERSOA TITULAR OU COTITULAR

Nome
DNI
Domicilio
Localidade
C.P Provincia
Teléfono.....Móbil.....E-mail.....

En relación á convocatoria do "XIX CONCURSO DE ESCAPARATES CONCELLO DE AMES NADAL 2024" que se indica,

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

1º.- Que acepto as bases da convocatoria.

2º.- Que non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de subvencións das Administracións Públicas, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

3º.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello de Ames e coa Seguridade Social, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

4º.- Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento cos deberes tributarios ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA ☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias da Seguridade Social	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias do Concello de Ames	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica da convocatoria dos "Premios XIX Concurso de Escaparates do Concello de Ames Nadal 2024"
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIJO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B



corporativos do Concello e as súas redes sociais	
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais
Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios	
Non autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios	

Nota.- Xunto con este anexo, as persoas solicitantes deberán achegar:

- 1 - Copia do Documento Nacional de Identidade (persoas físicas).
- 2.- CIF e escritura de constitución e poderes de representación (persoas xurídicas)
- 3 - Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, Concello e Tesourería Xeral da Seguridade Social, no caso de non autorizar ao Concello á comprobación.

Ames, de de 2024

Sinatura do/a solicitante

Terceiro.- Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Quinto.- Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Sexto.- Dar conta ó pleno da Corporación en cumprimento do artigo 44.4 e 38.d do ROF.”

E para que así conste e xustificar onde conveña, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 27 de novembro de 2024.

Visto e praxe
O alcalde
J. Blas García Piñeiro

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
27/11/2024 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
27/11/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE967BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26B48F8E74D30F0499B

